

**ACORDO REGULADOR**

**DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO**

***ZARA LOGÍSTICA, S.A.***

**ANOS 2011-2013**



[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

Arteixo, a 13 de decembro de 2010.

Sección Sindical da CIG  
[zaracig@gmail.com](mailto:zaracig@gmail.com)  
617 617 390

## **1) VIXENCIA.**

O presente Acordo, que complementa o establecido no Convenio Colectivo Provincial da Coruña para o Comercio Vario, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2011, tendo unha vixencia temporal de tres anos, até o día 31 de decembro de 2013.

## **2) ÁMBITO PERSOAL.**

Este Acordo será de aplicación a todo o persoal de *Zara Logística, S.A.*

## **3) INCREMENTO SALARIAL.**

a) Para o ano 2011 o incremento salarial será do 6%, quedando fixados os salarios que figuran na táboa salarial anexa ao acordo.

Se o IPC real do ano 2011 superase o 6%, procederíase á revisión das citadas retribucións até alcanzar o IPC real, aboándose no seu caso os atrasos correspondentes con efectos retroactivos do día 1 de xaneiro de 2011.

b) Para o ano 2012 o incremento salarial será do 5% sobre as retribucións do ano anterior.

Se o IPC real do ano 2012 superase o 5%, procederíase á revisión das citadas retribucións até alcanzar o IPC real, aboándose no seu caso os atrasos correspondentes con efectos retroactivos do día 1 de xaneiro de 2012.

c) Para o ano 2013 o incremento salarial será do 5% sobre as retribucións do ano anterior.

Se o IPC real do ano 2013 superase o 5%, procederíase á revisión das citadas retribucións até alcanzar o IPC real, aboándose no seu caso os atrasos correspondentes con efectos retroactivos do día 1 de xaneiro de 2013.

Os incrementos que se pactan resultarán de aplicación a tódolos conceptos excepto á Paga de Setembro cuxo importe se manterá invariable durante a vixencia do Acordo, polo que, para alcanzar os incrementos pactados, aumentarase en maior medida o salario base. Tampouco se aplicarán os incrementos á Prima de Vinculación nin ás Axudas Sociais.

#### **4) PAGA DE SETEMBRO.**

Na mensuralidade de setembro a empresa aboará unha paga no importe que se sinala nas táboas salariais.

A citada paga aboarase en proporción ao tempo traballado no ano anterior.

#### **5) ANTIGÜIDADE.**

Mantense o complemento por Antigüidade no importe por cada cuadrenio que se establece nas táboas salariais, que absorbe e compensa o Plus de Permanencia previsto no Convenio Colectivo Provincial da Coruña para o sector do Comercio Vario.

#### **6) PRIMA DE VINCULACIÓN.**

Aboarase unha prima de vinculación aos empregados que acrediten 25 anos de antigüidade na empresa consistente en 1.400 euros anuais distribuídos en 15 pagas.

#### **7) PRIMA DE VACACIÓNS.**

A empresa aboará na mensuralidade de xullo unha retribución correspondente a vacacións denominada “Prima de Vacacións” que ascenderá durante o ano 2011 a 240’45 euros. Nos anos sucesivos aplicaráselle a revisión salarial pactada no apartado 3 do presente acordo.

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

A citada cantidade aboarase en proporción ao tempo traballado no ano anterior.

#### **8) PLUS DE TARDE.**

Aboarase o “Plus de Tarde” no importe de 8 euros diarios en función do tempo traballado exclusivamente en quenda de tarde. Nos anos sucesivos aplicaráselle a revisión salarial pactada no apartado 3 do presente acordo.

Este concepto ten como finalidade compensar a incomodidade derivada da prestación laboral na faixa horaria de tarde.

Como condición máis beneficiosa, os empregados que en decembro de 2007 viñesen gozando dun horario fixo por coidado de fillo ou coidado de familiar continuarán percibindo este Plus a título persoal mentres se manteñan as súas actuais circunstancias. Este Plus tamén se aboará aos traballadores da Sección de Carga na rotación de tarde e noite.

## **9) GARANTÍA SALARIAL.**

Aboarase un complemento persoal, denominado “Garantía Salarial”, aos traballadores que prestasen servizos para a empresa en decembro de 2007 e que estean encadrados nas quendas de mañá e tarde así como aos da Sección de Carga.

O seu importe será de 198'24 euros anuais durante o ano 2011, revisándose na mesma contía có resto dos salarios nos dous anos seguintes.

Os traballadores que prestasen servizos para a empresa en decembro de 2007 e que no futuro cambien de quenda á de mañá e tarde ou á Sección de Carga percibirán a partir dese momento como condición persoal esta Garantía Salarial.

O aboamento deste complemento persoal realizarase mediante unha paga única na mensuralidade de abril.

## **10) NOCTURNIDADE.**

O incremento de prezo das horas de traballo realizadas entre as 21 horas da noite e as 8 da mañá será do 32% sobre o prezo da hora ordinaria.

Exceptúanse deste incremento as entradas ao traballo producidas a partir das 7 horas.

Os traballadores da quenda fixa de noite percibirán o denominado “Complemento Traballo de Quenda Fixa de Noite” no importe que se sinala nas táboas salariais e que equivale ao 32% do incremento sobre o prezo da hora ordinaria.

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

## **11) TRABALLO EN SÁBADOS.**

Establécese un complemento do 50% sobre o valor da hora ordinaria polo traballo en sábados prestado a partir das 0:00 horas.

Garantírase que cada empregado traballe como máximo 1 de cada 8 sábados nas quendas rotativas.

## **12) TRABALLO EN DOMINGOS E FESTIVOS.**

Establécese un complemento do 115% sobre o valor da hora ordinaria polo traballo en domingos e festivos, considerándose como xornada ordinaria.

### **13) HORAS EXTRAORDINARIAS.**

Terán a consideración de horas extraordinarias aquelas horas de traballo que se realicen sobre a duración da xornada ordinaria de traballo prefixada no calendario laboral, sendo retribuídas cun incremento do 75% sobre a hora ordinaria.

Os empregados poderán, á súa elección, substituír o aboamento das horas extras pola súa compensación en descanso co mesmo incremento sinalado no parágrafo anterior, debendo someterse ao seguinte sistema:

–O descanso deberá ser acumulado como mínimo por xornadas completas.

–A compensación en descanso das horas extras deberá levarse a cabo dentro do ano natural, excepto as que correspondan aos meses de novembro e decembro que poderán ser utilizadas no ano seguinte.

–A petición de días libres en compensación por horas extras seguirá o sistema de concesión dos días de asuntos propios e da compensación de días de vacacións en festivo indispoñible (tendo ámbolos dous preferencia sobre este) e quedará limitado como máximo a un 8% da totalidade do persoal do almacén por quenda e día, salvo en circunstancias adversas de forza maior, que se regulará por rigorosa orde de solicitude. En caso de que se supere esta porcentaxe, a empresa comunicará coa maior brevidade posible a súa denegación aos traballadores afectados.

–A decisión de compensar en descanso as horas extras deberá ser comunicada á empresa antes do día 7 do mes seguinte á súa realización e a petición dos días concretos de descanso deberá realizarse cunha semana de antelación.

–A empresa proporcionará ao Comité de Empresa a información necesaria para supervisar o cumprimento do sistema de compensación de horas extraordinarias.

### **14) PREZO HORA PROFESIONAL.**

O cálculo dos prezos e os incrementos relativos ao traballo en festivos, nocturnidade, traballo en sábados e horas extraordinarias realizarase sobre o prezo da hora ordinaria que se calculará dividindo a suma do importe anual do Salario Base, Pagas Extraordinarias, Paga de Setembro, Prima de Vacacións, Transporte, e, no seu caso, Antigüidade, entre o número de horas anuais de xornada pactada.

Os incrementos producidos por festivos, nocturnidade, traballo en sábados e horas extraordinarias serán acumulativos.

### **15) PRODUTIVIDADE.**

Queda incorporado ao presente Acordo como anexo a Acta de 15 de febreiro de 2007.

### **16) CALZADO.**

A empresa proporcionará a todo o persoal o calzado de seguridade axeitado segundo as indicacións e o catálogo de modelos que se estipule no Comité de Seguridade e Saúde.

### **17) ANTICIPOS DE SALARIO.**

A empresa concederá a petición individual do traballador anticipos de salario de até 2.400 euros, que se amortizarán como máximo en 15 mensualidades.

Non se concederá ningún anticipo sen antes amortizar na súa totalidade un anterior.

### **18) CALENDARIO LABORAL.**

A partir do ano 2012 entregaranse os calendarios laborais de todo o ano antes do día 15 de decembro do ano anterior.

Os calendarios incluírán os días de traballo e libranzas, establecéndose así mesmo, os horarios de entrada e saída.

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

A modificación dos calendarios sobre o modelo pactado que se anexa a este Acordo, sempre que supoña un empeoramento, esixirá o acordo entre as partes.

### **19) XORNADA.**

A xornada ordinaria máxima de traballo será de 1.728 horas anuais, incluíndose na mesma os festivos que se traballen.

A xornada ordinaria diaria será de 8 horas e a xornada mensual ordinaria non poderá supera-las 176 horas.

Debido ás particularidades que presenta a prestación laboral na Quenda Fixa de Noite e na Sección de Carga, os traballadores incluídos nas mesmas realizarán 1.540 horas anuais, considerándose a tódolos efectos como traballadores a tempo completo. Nestes casos, o cambio de Quenda á Mañá ou á Tarde ou o cambio da Sección de

Carga a calquera outra supoñerá a realización da xornada ordinaria de 1.728 horas anuais.

## 20) XORNADAS ESPECIAIS EN FUNCIÓN DA IDADE.

O persoal de almacén (Mozos, Xefes de Equipo e Xestores; e Oficiais 2ª do almacén) a partir do momento en que acredite quince anos de antigüidade na empresa, gozará dunha redución anual de xornada segundo a seguinte escala, no ano en que cumpra a idade que se indica, mantendo o seu salario sen diminución ningunha:

Idade	Horas de redución	XORNADA ANUAL	
		Quendas mañá e tarde	Quenda noite
55	50	1.678	1.490
56	60	1.668	1.480
57	70	1.658	1.470
58	80	1.648	1.460
59	90	1.638	1.450
60	100	1.628	1.440
61	110	1.618	1.430
62	120	1.608	1.420
63	130	1.598	1.410
64	140	1.588	1.400

Pactarase entre a empresa e o Comité o sistema de aplicación concreta desta xornada.

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

## 21) REDUCIÓN VOLUNTARIA DE XORNADA.

O persoal con máis de cinco anos de antigüidade na empresa, terá dereito a unha redución de xornada de traballo por motivos persoais, coa diminución proporcional do salario, até un máximo da metade da xornada. Esta redución de xornada someterase ao seguinte réxime:

–A súa duración será como mínimo dun ano, podendo prorrogarse sempre que non estea cuberto a cota máxima.

–O traballador non terá dereito a elixir horario, propóndolle a empresa o que mellor se adapte á organización produtiva.

–Poderán utilizar simultaneamente este dereito como máximo un 2% das horas programadas.

Sección Sindical da CIG  
zaracig@gmail.com  
617 617 390

## **22) DESCANSOS.**

Establécese un descanso dentro da xornada a cargo da empresa de 45 minutos nas quendas de mañá, tarde e noite.

## **23) VACACIÓNS.**

O persoal de almacén (Mozos, Xefes de Equipo e Xestores) gozará de 40 días naturais de vacacións ao ano, dos cales dez corresponden á dispoñibilidade polo traballo en festivos, aínda que estes se deixasen de traballar. As vacacións fraccionaranse en dous períodos de 20 días.

O calendario de vacacións publicárase cunha antelación mínima de dous meses.

Anéxase ao presente acordo: a) o cadro de datas de vacacións no que figuran os límites de persoal que pode gozar simultaneamente vacacións; b) o importe da Bolsa de Vacacións que se aboará aos traballadores que gocen as súas vacacións fóra dos períodos comúns; c) as regras para a elección da quenda de vacacións e d) as datas límite para formula-la dita elección.

Os traballadores que se atopen de baixa por incapacidade temporal ou de baixa relacionada coa maternidade ou paternidade coincidindo estas situacións cos períodos de vacacións prefixados no calendario laboral gozarán destas unha vez rematada a dita situación conforme ao seguinte sistema: as vacacións pendentes gozaranse no período ao que pertencen (verán ou inverno) e se xa se acabaran as quendas de vacacións dese ano, as vacacións pendentes pasarán ao ano seguinte no mesmo período en que se perderon (verán ou inverno). Este sistema aplicarase salvo acordo entre a empresa e o traballador para goza-las vacacións pendentes noutro período.

Non se traballará os días 1 e 6 de xaneiro, o Xoves e o Venres Santo e o día 25 de decembro. Os traballadores cuxas vacacións coincidan nestes días, terán dereito a compensalos en días equivalentes.

## **24) LICENZAS.**

Ademais das licenzas retribuídas establecidas no artigo 37 do Estatuto dos Traballadores e no Convenio Colectivo, os traballadores terán dereito, previo aviso e posterior xustificación, ao uso dos permisos que a continuación se indican:

–Por matrimonio, 18 días naturais.

–Por matrimonio de pais, irmáns e fillos: un día natural que coincidirá co do evento.



–Por nacemento de fillo ou adopción: seis días naturais a contar dende o día do nacemento ou da adopción.

–Por morte ou doenza grave do cónxuxe ou parentes de primeiro grao por consanguinidade ou afinidade: seis días naturais. Este permiso tamén se aplicará no caso de irmáns. En caso de que o falecemento de pais, fillos ou cónxuxe fose comunicado ao traballador unha vez que xa iniciara a súa xornada de traballo, poderá ausentarse do seu posto de forma inmediata computando a dita xornada como realizada completamente, iniciándose o permiso correspondente o día natural seguinte.

–O permiso derivado de hospitalizacións de familiares de primeiro grao e o derivado de enfermidade grave ou hospitalización de familiares de segundo grao poderá ser utilizado de forma discontinua en tanto duren as situacións que o motiven.

–Por falecemento de parentes de segundo grao, tres días e de terceiro grao, un día natural.

–Por traslado de domicilio habitual: dous días naturais.

–Para a realización dun exame por parte daqueles traballadores que realicen estudos para a obtención dun título oficial: o tempo indispensable, debendo xustificarse cun certificado oficial.

–Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber público ou persoal.

–Por asuntos propios: tres días. Este permiso poderase fraccionar en períodos de catro horas.

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

–Polo tempo indispensable para a asistencia ao médico, presentando e xustificando cita e asistencia. Igual permiso se terá para acompañar ao médico os fillos menores de 15 anos e parentes en situación de dependencia, cun límite de 25 horas ao ano, debendo neste caso presentar xustificante de acompañante.

–Os traballadores que participen como Presidentes ou Vogais nas mesas das eleccións políticas, terán dereito a un permiso retribuído de xornada completa ao día seguinte.

–As traballadoras, por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada nunha hora coa mesma finalidade. Este permiso poderá ser utilizado indistintamente pola nai ou o pai en caso de que ámbolos dous

traballen. A traballadora poderá optar entre facer uso da licenza na forma indicada ou acumula-lo tempo resultante á licenza por maternidade e gozalo a continuación desta, computándose ese tempo a razón dunha hora por cada día laborable que falte para cumprirse os nove meses do menor

–Nos casos de nacementos de fillos prematuros ou que, por calquera causa, deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, a nai ou o pai terán dereito a ausentarse do traballo durante unha hora ou a reduci-la súa xornada nunha hora.

–Debido ás especiais condicións de prestación laboral do persoal operario do almacén, consideraranse en situación de risco para o embarazo tódolos traballos a partir da semana 12ª de xestación.

–En caso de redución de xornada por coidado de fillo ou familiar, nos termos do artigo 37.5º do Estatuto dos Traballadores, terase dereito á elección de quenda, incluíndo a posibilidade de excluí-lo sábado como día de traballo.

Tódolos supostos previstos neste apartado serán de aplicación tanto ás parellas unidas por matrimonio como a aquelas parellas de feito debidamente rexistradas.

## **25) PERMISO NON RETRIBUÍDO.**

Os traballadores poderán gozar dun permiso non retribuído de entre un e catro meses.

Só poderá facer uso deste permiso simultaneamente un 1'5% do cadro de persoal dos traballadores indefinidos.

Establécense 15 días de aviso previo e unha vez utilizado deberá transcorrer un mínimo dun ano para unha nova petición, tendo preferencia o que non utilizara este permiso o ano anterior.

## **26) AXUDAS SOCIAIS.**

Establécense as seguintes axudas sociais:

a) Cando se produza o nacemento ou a adopción dun fillo e previa xustificación de tales circunstancias, o empregado percibirá nun pagamento único a cantidade de 350 euros por cada fillo.

b) En caso de matrimonio aboarase a cantidade de 60'10 euros.

c) Aboarase a cantidade de 150'25 euros mensuais en 12 mensualidades por cada familiar a cargo até o segundo grao cunha discapacidade igual ou superior ao 33% que fora declarada pola Administración Pública competente na materia. Aboarase tamén esta axuda aos traballadores con fillos celíacos ou doenzas semellantes que supoñan grandes gastos de xeito continuado e que non estean cubertos pola Seguridade Social.

Iniciarase o aboamento desta axuda a partir do mes seguinte á data na que se xustifique ante a empresa a discapacidade ou a situación que a motive e manterase en tanto o familiar teña esta condición e figure a cargo da persoa traballadora, nos termos establecidos na normativa vixente do IRPF.

d) Aboarase a cantidade de 90'15 euros en concepto de axuda para a compra de material escolar dos fillos dos empregados. Esta cantidade aboarase unha vez ao ano na mensualidade de outubro por cada un dos fillos coas seguintes condicións:

–Se o fillo se atopa cursando o ensino obrigatorio (de 3 a 16 anos), o aboamento desta cantidade será automático.

–No caso de fillos maiores de 16 anos, para percibir esta axuda deberase xustificarla matriculación nun centro educativo oficial. En calquera caso deixará de percibirse esta axuda ao cumprilo fillo 25 anos.

e) Establécese unha Axuda por Gardería na contía de 90 euros mensuais durante as mensualidades que se utilice tal servizo.

f) Aboarase até un máximo de 600 euros para contribuír ao custo dun billete de avión (ida e volta) do empregado que necesite viaxar ao estranxeiro tramitar unha adopción internacional.

As axudas sinaladas aplicaranse por cada fillo, se ben aboarase unha única axuda por cada concepto e fillo, con independencia de que ámbolos pais traballen na empresa ou en calquera outra das empresas que forman parte do Grupo Inditex.

## **27) SERVIZO DE COMEDOR.**

A empresa habilitará antes do día 1 de febreiro de 2011 un sistema de comida quente para as quendas de tarde e de noite nas mesmas condicións que até o momento dispón a quenda de mañá.

## **28) TARXETA AFFINITY CARD.**

Tódolos empregados, unha vez cumpran seis meses de antigüidade na empresa, dispoñerán se así o solicitan da tarxeta de compra *Affinity Card*, o que lles permitirá un desconto do 15% en compras nas tendas do Grupo Inditex, até o límite anual de compras de 3.000 euros.

Os traballadores temporais que nos dous últimos anos traballaran polo menos seis meses na empresa poderán solicitar a citada tarxeta.

## **29) RETRIBUCIÓN FLEXIBLE.**

Os empregados terán a posibilidade de acollerse ao sistema retributivo denominado Retribución Flexible, mediante o cal poderán decidir que unha parte da súa retribución en diñeiro sexa substituída por determinadas retribucións en especie, sempre que se manteña a normativa fiscal que o autoriza.

A empresa levará a cabo as campañas informativas que resulten necesarias para que todo o persoal poida beneficiarse deste sistema.

## **30) CESTA DE NADAL.**

Tódolos empregados que figuren en situación de alta na empresa o día 30 de novembro recibirán no mes de decembro unha Cesta de Nadal.

## **31) NEGOCIACIÓN CON ENTIDADES FINANZEIRAS DE CONDICIÓNS DE PRÉSTAMOS A EMPREGADOS.**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

A empresa comprométese a negociar con entidades financeiras ou aseguradoras a posibilidade de que oferten aos traballadores afectados polo presente acordo préstamos persoais ou hipotecarios, planos de pensións e seguros de asistencia médica, en condicións vantaxosas para os empregados.

## **32) FISIOTERAPEUTA.**

A empresa pagará os servizos dun fisioterapeuta respecto aos empregados que sexan remitidos a este polos seus servizos médicos.

Así mesmo, asumirá o 50% do custo do servizo de Fisioterapia cun máximo de cinco sesións anuais cando o traballador acceda a el de xeito voluntario, sen existir recomendación dos servizos médicos da empresa.

### **33) SEGURIDADE E SAÚDE.**

A) PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A ADAPTACIÓN DE POSTOS: Conxuntamente coa representación social en materia de Prevención de Riscos Laborais e dentro do ámbito do Comité de Seguridade e Saúde desenvolverase un protocolo de adaptación de postos de traballo para aqueles traballadores que con motivo das súas patoloxías se atopen dentro das situacións descritas no artigo 25 da lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais.

B) REVISIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE: Os traballadores que foran declarados en situación de incapacidade permanente, en calquera dos seus graos, e lles fora revisada a situación por melloría ou por curación terán dereito a reincorporarse á empresa sempre que tal revisión se producise dentro do prazo dos catro anos seguintes á extinción da súa relación laboral con Zara Logística.

Os traballadores reincorporados á empresa conforme ao anterior, recibirán un plano de formación axeitado ás características do seu posto de traballo co obxectivo de actualizar os coñecementos necesarios para o seu desempeño.

C) SERVIZO MÉDICO: Ampliarase a cobertura do Servizo Médico, incorporando un médico co obxectivo de dar a cobertura necesaria na quenda de traballo de noite.

### **34) DEREITOS SINDICAIS.**

As seccións sindicais legalmente constituídas na empresa terán dereito a un local nas instalacións de *Zara Logística, S.A.*

O crédito sindical dos membros do Comité de Empresa e os Delegados Sindicais poderá acumularse anualmente.

O tempo utilizado para a negociación colectiva considerarase de traballo efectivo e non computará como crédito sindical.

### **35) QUENDAS.**

A) QUENDA FIXA DE NOITE: Os traballadores poderán solicitar a súa adscrición voluntaria á quenda fixa de noite, aplicándose en caso de existir máis solicitudes que vacantes o criterio de anotación nunha listaxe que se elaborará ao efecto.

B) QUENDA DE CARGA: Os traballadores poderán solicita-la súa adscrición voluntaria á Sección de Carga. En caso de existir máis solicitudes que vacantes aplicaranse os seguintes criterios: primeiro, as preferencias legais pola conciliación da vida persoal e familiar, estudos ou enfermidade; segundo, a igualdade de condicións, pola antigüidade na empresa. Unha vez efectuada a asignación inicial para xaneiro de 2011, o criterio determinante será a orde de anotación nunha listaxe que se elaborará ao efecto.

C) PERMUTAS DE QUENDA: Os traballadores poderán solicitar unha permuta de quenda sempre que exista un compañeiro que o substitúa.

–A permuta será por semanas completas e entre traballadores coas mesmas condicións laborais (mesma xornada anual e mesmos días traballados durante o período de cambio).

–A concesión da permuta estará condicionada a que se cumpran os períodos mínimos de descanso entre xornadas establecidos legalmente.

–Mentres dure a permuta, os traballadores non poderán ter concedida ningunha licenza, salvo as sobrevidas.

–A petición deberá realizarse cun mínimo dunha semana de antelación.

–Durante a permuta cada traballador percibirá as retribucións variables que lle correspondan en función do traballo realmente realizado.

–Como máximo, poderanse realizar seis permutas ao ano.



[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

Sección Sindical da CIG  
zaracig@gmail.com  
617 617 390

# VACACIÓNS INVERNO-2011

## PORCENTAXE MÁXIMA DE PERSOAL DE VACACIÓNS

3-xan-11	22-xan-11	24-xan-11	12-feb-11	14-feb-11	5-mar-11	7-mar-11	26-mar-11	28-mar-11	16-abr-11	18-abr-11	7-mai-11
<b>25%</b>		<b>25%</b>		<b>25%</b>		<b>25%</b>		<b>25%</b>		<b>25%</b>	
0€		180'33€		180'33€		0€		0€		0€	

### SOLICITUDE

- > Data tope para solicita-las vacacións.
- > Cada persoa 2 Opcións (1ª e 2ª).
- > Posibilidade de solicitar 6 semanas xuntas que se estudarán unha vez asignado o resto.
- > Posibilidade de solicita-las vacacións fóra destas quendas que se estudarán individualmente.

### LÍMITES

- > As porcentaxes son por sección e quenda.

### FILTROS PARA RESOLVE-LA CONCESIÓN DE QUENDAS

- 1º Os que se quedaron fóra das súas dúas opcións o ano anterior.
- 2º Os que foron na súa segunda opción o ano anterior.
- 3º Antigüidade.

**PETICIÓNS FÓRA DESTAS QUENDAS SON ÚLTIMA PRIORIDADE SEMPRE.**

# VACACIÓNS VERÁN-2011

## PORCENTAXE MÁXIMA DE PERSOAL DE VACACIÓNS

9-mai-11	28-mai-11	23-mai-11	11-xuñ-11	13-xuñ-11	2-xul-11	4-xul-11	23-xul-11	25-xul-11	13-ago-11	15-ago-11	3-set-11	5-set-11	24-set-11
<b>30%</b>		<b>30%</b>		<b>25%</b>		<b>25%</b>		<b>25%</b>		<b>25%</b>		<b>20%</b>	
480'90€		480'90€		240'45€		0€		0€		0€		0€	

### SOLICITUDE

- > Data tope para solicita-las vacacións.
- > Cada persoa 2 Opcións (1ª e 2ª).
- > Posibilidade de solicitar 6 semanas xuntas que se estudarán unha vez asignado o resto.
- > Posibilidade de solicita-las vacacións fóra destas quendas que se estudarán individualmente.

### LÍMITES

- > As porcentaxes son por sección e quenda.

### FILTROS PARA RESOLVE-LA CONCESIÓN DE QUENDAS

- 1º Os que se quedaron fóra das súas dúas opcións o ano anterior.
- 2º Os que foron na súa segunda opción o ano anterior.
- 3º Por nº de días de vacacións gozadas en xullo e agosto nos últimos 3 anos - antigüidade.

**PETICIÓNS FÓRA DESTAS QUENDAS SON ÚLTIMA PRIORIDADE SEMPRE.**

**DATA TOPE SOLICITUDE PERÍODO DE VACACIÓNS 28/02/11.**

**PUBLICACIÓN VACACIÓNS 09/03/11 DE VERÁN.**



[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)



# Táboas salariais quenda rotativa 2011

Colexio de especialistas

Cantidades brutas en euros

		Salario base	Rateo pagas	Plus trans.	Plus antig.	Noite 32%	Domingo, festivo 115%	Extra 175%	Sábado 50%	Extra marzo	Extra xuño	Extra decembro		
QUENDA MAÑÁ/TARDE	1.728 horas	Sen antigüidade	mozo	1.188,37	99,03	109,63	3,66	13,16	20,02	5,72	1.188,37	1.188,37	1.188,37	
			2º xefe	1.377,95	114,83		4,19	15,05	22,91	6,55	1.377,95	1.377,95	1.377,95	
			xefe eq.	1.520,10	126,68		4,58	16,47	25,06	7,16	1.520,10	1.520,10	1.520,10	
		Un cuadrenio	mozo	1.188,37	103,34	109,63	51,66	3,80	13,67	20,81	5,95	1.240,03	1.240,03	1.240,03
			2º xefe	1.377,95	119,28		53,39	4,34	15,58	23,71	6,78	1.431,34	1.431,34	1.431,34
			xefe eq.	1.520,10	131,54		58,36	4,75	17,05	25,95	7,42	1.578,46	1.578,46	1.578,46
	Dous cuadrénios	mozo	1.188,37	107,64	109,63	103,33	3,95	14,19	21,60	6,17	1.291,70	1.291,70	1.291,70	
		2º xefe	1.377,95	123,73		106,79	4,48	16,11	24,52	7,01	1.484,74	1.484,74	1.484,74	
		xefe eq.	1.520,10	136,40		116,73	4,91	17,64	26,85	7,67	1.636,83	1.636,83	1.636,83	
	Tres cuadrénios	mozo	1.188,37	111,95	109,63	154,99	4,09	14,71	22,38	6,40	1.343,36	1.343,36	1.343,36	
		2º xefe	1.377,95	128,18		160,18	4,63	16,65	25,34	7,24	1.538,13	1.538,13	1.538,13	
		xefe eq.	1.520,10	141,27		175,09	5,07	18,22	27,72	7,92	1.695,19	1.695,19	1.695,19	
	Catro cuadrénios	mozo	1.188,37	116,25	109,63	206,65	4,24	15,23	23,17	6,62	1.395,02	1.395,02	1.395,02	
		2º xefe	1.377,95	132,63		213,57	4,78	17,18	26,15	7,47	1.591,52	1.591,52	1.591,52	
		xefe eq.	1.520,10	146,13		233,45	5,23	18,80	28,61	8,18	1.753,55	1.753,55	1.753,55	
	Cinco cuadrénios	mozo	1.188,37	120,56	109,63	258,32	4,38	15,73	23,94	6,84	1.446,69	1.446,69	1.446,69	
		2º xefe	1.377,95	137,08		266,97	4,93	17,72	26,97	7,71	1.644,92	1.644,92	1.644,92	
		xefe eq.	1.520,10	150,99		291,81	5,39	19,38	29,49	8,43	1.811,91	1.811,91	1.811,91	
1.540 horas	sen antig.	mozo	1.059,08	88,26	97,70	3,66	13,16	20,02	5,72	1.059,08	1.059,08	1.059,08		
	1 cuadri.	mozo	1.059,08	92,09	97,70	46,05	3,80	13,67	20,81	5,95	1.105,13	1.105,13	1.105,13	
	2 cuadri.	mozo	1.059,08	95,93	97,70	92,09	3,95	14,19	21,60	6,17	1.151,17	1.151,17	1.151,17	
	3 cuadri.	mozo	1.059,08	99,77	97,70	138,13	4,09	14,71	22,38	6,40	1.197,21	1.197,21	1.197,21	
	4 cuadri.	mozo	1.059,08	103,60	97,70	184,16	4,24	15,23	23,17	6,62	1.243,24	1.243,24	1.243,24	
704 horas	sen antig.	mozo	484,15	40,35	44,66	3,66	13,16	20,02	5,72	484,15	484,15	484,15		
	1 cuadri.	mozo	484,15	42,10	44,66	21,05	3,80	13,67	20,81	5,95	505,20	505,20	505,20	
	2 cuadri.	mozo	484,15	43,85	44,66	42,10	3,95	14,19	21,60	6,17	526,25	526,25	526,25	
	3 cuadri.	mozo	484,15	45,61	44,66	63,15	4,09	14,71	22,38	6,40	547,30	547,30	547,30	
	4 cuadri.	mozo	484,15	47,36	44,66	84,22	4,24	15,23	23,17	6,62	568,37	568,37	568,37	

www.gigsservizos.org

# Táboas salariais quenda noite 2011

Colexio de especialistas

Cantidades brutas en euros

			Salario base	Rateo pagas	Plus trans.	Plus antig.	Compl. Quenda noite	Domingo, festivo 115%	Sábado 50%	Extra marzo	Extra xuño	Extra decembro	
<b>QUENDA NOITE</b>	<b>1.540 horas</b>	Sen antigüidade	mozo	1.188,37	99,03	109,63		527,26	14,77	6,42	1.188,37	1.188,37	1.188,37
			2º xefe	1.377,95	114,83			603,09	16,89	7,35	1.377,95	1.377,95	1.377,95
			xefe eq.	1.520,10	126,68			659,95	18,48	8,04	1.520,10	1.520,10	1.520,10
		Un cuadrenio	mozo	1.188,37	103,34	109,63	51,66	547,92	15,34	6,67	1.240,03	1.240,03	1.240,03
			2º xefe	1.377,95	119,28		53,39	624,45	17,49	7,61	1.431,34	1.431,34	1.431,34
			xefe eq.	1.520,10	131,54		58,36	683,30	19,14	8,32	1.578,46	1.578,46	1.578,46
		Dous cuadrenios	mozo	1.188,37	107,64	109,63	103,33	568,59	15,93	6,93	1.291,70	1.291,70	1.291,70
			2º xefe	1.377,95	123,73		106,79	645,81	18,09	7,87	1.484,74	1.484,74	1.484,74
			xefe eq.	1.520,10	136,40		116,73	706,64	19,79	8,61	1.636,83	1.636,83	1.636,83
		Tres cuadrenios	mozo	1.188,37	111,95	109,63	154,99	589,26	16,50	7,18	1.343,36	1.343,36	1.343,36
			2º xefe	1.377,95	128,18		160,18	667,16	18,69	8,13	1.538,13	1.538,13	1.538,13
			xefe eq.	1.520,10	141,27		175,09	729,99	20,45	8,89	1.695,19	1.695,19	1.695,19
		Catro cuadrenios	mozo	1.188,37	116,25	109,63	206,65	609,92	17,08	7,43	1.395,02	1.395,02	1.395,02
			2º xefe	1.377,95	132,63		213,57	688,52	19,29	8,39	1.591,52	1.591,52	1.591,52
			xefe eq.	1.520,10	146,13		233,45	753,33	21,09	9,17	1.753,55	1.753,55	1.753,55
		Cinco cuadri.	mozo	1.188,37	120,56	109,63	258,32	630,59	17,66	7,68	1.446,69	1.446,69	1.446,69
			2º xefe	1.377,95	137,08		266,97	709,88	19,88	8,65	1.644,92	1.644,92	1.644,92
			xefe eq.	1.520,10	150,99		291,81	776,68	21,75	9,46	1.811,91	1.811,91	1.811,91

# Táboas salariais Carga 2011

Colexio de especialistas

Cantidades brutas en euros

		Salario base	Rateo pagas	Plus trans.	Plus antig.	Noite 32%	Domingo, festivo 115%	Extra 175%	Sábado 50%	Extra xuño	Extra xuño	Extra decembro		
SECCIÓN CARGA	1.540 horas	Sen antigüidade	mozo	1.188,37	99,03	109,63	4,11	14,77	22,47	6,42	99,03	1.188,37	1.188,37	
			2º xefe	1.377,95	114,83		4,70	16,89	25,71	7,35	114,83	1.377,95	1.377,95	
			xefe eq.	1.520,10	126,68		5,14	18,48	28,12	8,04	126,68	1.520,10	1.520,10	
		Un cuatrienio	mozo	1.188,37	103,34	109,63	51,66	4,27	15,34	23,35	6,67	103,34	1.240,03	1.240,03
			2º xefe	1.377,95	119,28		53,39	4,87	17,49	26,62	7,61	119,28	1.431,34	1.431,34
			xefe eq.	1.520,10	131,54		58,36	5,32	19,14	29,12	8,32	131,54	1.578,46	1.578,46
		Dous cuatrienios	mozo	1.188,37	107,64	109,63	103,33	4,43	15,93	24,24	6,93	107,64	1.291,70	1.291,70
			2º xefe	1.377,95	123,73		106,79	5,03	18,09	27,53	7,87	123,73	1.484,74	1.484,74
			xefe eq.	1.520,10	136,40		116,73	5,51	19,79	30,12	8,61	136,40	1.636,83	1.636,83
		Tres cuatrienios	mozo	1.188,37	111,95	109,63	154,99	4,59	16,51	25,11	7,18	111,95	1.343,36	1.343,36
			2º xefe	1.377,95	128,18		160,18	5,20	18,69	28,44	8,13	128,18	1.538,13	1.538,13
			xefe eq.	1.520,10	141,27		175,09	5,69	20,45	31,12	8,89	141,27	1.695,19	1.695,19
		Catro cuatrienios	mozo	1.188,37	116,25	109,63	206,65	4,75	17,09	25,99	7,43	116,25	1.395,02	1.395,02
			2º xefe	1.377,95	132,63		213,57	5,37	19,29	29,35	8,39	132,63	1.591,52	1.591,52
			xefe eq.	1.520,10	146,13		233,45	5,87	21,09	32,10	9,17	146,13	1.753,55	1.753,55
		Cinco cuatrienios	mozo	1.188,37	120,56	109,63	258,32	4,92	17,66	26,88	7,68	120,56	1.446,69	1.446,69
			2º xefe	1.377,95	137,08		266,97	5,53	19,88	30,26	8,65	137,08	1.644,92	1.644,92
			xefe eq.	1.520,10	150,99		291,81	6,05	21,75	33,09	9,46	150,99	1.811,91	1.811,91

1.728	1.540	704
-------	-------	-----

<b>Paga de setembro</b>	<b>mozo</b>	390,66	195,33
	<b>xefe eq.</b>		

Aboamento: nómina de setembro; período de devincamento: de 1 de setembro a 31 de agosto.

<b>Prima de vacacións</b>	<b>mozo</b>	240,45	120,23
	<b>xefe eq.</b>		

Aboamento: nómina de xullo; período de devincamento: de 1 de xullo a 30 de xuño.

<b>Garantía salarial</b>	<b>mozo</b>	198,24
	<b>xefe eq.</b>	

Aboamento: nómina de abril; período de devincamento: de 1 de abril a 31 de marzo.  
(Para persoal de quenda rotativa e sección de Carga.)

<b>Q.N., Carga</b>		
1.728	1.540	704

<b>Produtividade con absentismo até 9 horas</b>	<b>mozo</b>	208,71€/Semestre
	<b>xefe eq.</b>	

<b>Produtividade con absentismo entre 9 horas e o 7'5%</b>	<b>mozo</b>	182'62€/Semestre
	<b>xefe eq.</b>	

<b>Plus de Tarde</b>	<b>mozo</b>	8,00
	<b>xefe eq.</b>	



[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

# Táboas salariais 2011

Colexio de técnicos e administrativos. Cantidades brutas en euros.

		Salario base	Rateo de beneficios	Transporte	Nocturnidade	Quendas	Hora Festiva	Antigüidade
<b>Oficial administrativo</b>	Aduanas, control de xestión, devolucións, entradas, RR.HH.	1.287,62	1/12 do importe dunha paga extra	109,63			22,72	57,51
	Centralíña, devolucións				64,84	61,71		
	Pedidos				161,37	61,71		
	Facturación, Comercial				273,76	61,71		
<b>Xestor Oficinas</b>	Aduanas, control de xestión, devolucións, entradas, RR.HH.	1.811,39	1/12 do importe dunha paga extra	109,63			27,28	64,06
	Pedidos, comercial, xestores de almacén, automatismos				161,37	61,71		
	Facturación, Comercial				331,40	61,71		
<b>Xestor Almacén Automatistas</b>	Tramo A (4 a 6 Sem)	1.811,39	1/12 do importe dunha paga extra	109,63	161,37	61,71	27,28	64,06
	Tramo B (7 a 9 Sem)				186,37			
	Tramo C (10 a 12 Sem)				211,37			
<b>Prima de vacacións</b>					240,45			
<b>Paga de setembro</b>					390,66			

